

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**12273** *Orde ARM/2077/2010, do 27 de xullo, para o control de acceso de buques de países terceiros, operacións de tránsito, transbordo, importación e exportación de produtos da pesca para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.*

O Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR), recolle unha serie de normas polas que se deberá rexer o acceso, o desembarque e o transbordo de produtos pesqueiros en portos comunitarios dos buques pesqueiros que enarboran pavillón de países terceiros, así como o tránsito, a importación, o transporte e a transformación de produtos pesqueiros, nun Estado distinto do de abandeiramento antes de entrar na Unión Europea. Tamén se aplica ás capturas dos buques comunitarios que se vaian exportar a países terceiros cos cales previamente se formalizaron acordos.

Esta norma exige a presentación dun certificado de captura como requisito previo á introdución dos produtos da pesca na Unión Europea e á exportación de capturas de buques comunitarios a países terceiros que o requiran. Este certificado debe conter información que demostre a legalidade dos produtos e debe estar validado polo Estado de abandeiramento dos buques pesqueiros que levaron a cabo a captura do peixe. Así mesmo, o citado regulamento establece que cada un dos Estados membros adoptará as medidas adecuadas para garantir a eficacia do sistema.

Esta regulación complementábase co Regulamento (CE) n.º 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro de 2009, polo que establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa desta normativa comunitaria, procede establecer os procedementos relativos ao control das operacións de acceso a servizos portuarios, desembarque e transbordo dos buques pesqueiros de países terceiros, ao control das operacións de introdución en territorio español de produtos da pesca e á exportación e reexportación dos ditos produtos, así como regular aqueles aspectos deles que requiran un desenvolvemento normativo da regulación comunitaria.

Os números 5 e 6 do artigo 39 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado e a súa disposición adicional cuarta, facultan o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sen prexuízo das competencias concorrentes doutros departamentos, para ditaren as disposicións relativas ao control dos produtos pesqueiros procedentes de países non comunitarios con ocasión do seu desembarque ou descarga en territorio nacional. Así, sinálase que tanto as autoridades portuarias como as alfandagueiras non poderán autorizar as entradas en porto ou en territorio español ata que lles conste o informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Por iso, esta orde ten por obxecto facilitar aos seus destinatarios a aplicación do Regulamento 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, para o control de acceso a portos españois de buques pesqueiros de países terceiros e da introdución en territorio español de produtos da pesca orixinarios de países terceiros, coa finalidade de previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

Os actos de aplicación desta teñen o seu fundamento xurídico no citado regulamento, que é de directa aplicación. A competencia dos órganos a que se refire a orde deriva directamente dos reais decretos de estrutura orgánica que lles atribúen aos ditos órganos a competencia para a adopción dos actos que se diten en aplicación e cumprimento desta orde.

Cumpríuse co trámite de comunicación á Comisión Europea previsto no artigo 38 do Regulamento (CE) n.º 2847/1993 do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un control aplicable á política pesqueira común.

Na elaboración desta orde foron consultados as comunidades autónomas e o sector afectado.

Esta orde dítase de conformidade co establecido no artigo 39 e na disposición adicional cuarta da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa virtude, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer, de acordo coa normativa comunitaria, os procedementos para:

- a) O control de acceso a portos españois de buques pesqueiros de países terceiros, así como as operacións de desembarque e transbordo que estes realicen.
- b) A entrada por calquera vía de produtos pesqueiros capturados por buques pesqueiros de países terceiros e a súa reexportación desde territorio español.
- c) A exportación das capturas realizadas por buques pesqueiros españois cando así o exixan os acordos previamente adoptados con países terceiros.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Para os efectos desta orde, enténdese por buque pesqueiro calquera buque, independentemente do seu tamaño, utilizado ou destinado a ser utilizado para a explotación comercial de recursos pesqueiros, incluídas as embarcacións de apoio, os buques factoría de transformación do peixe e os buques que interveñen en transbordos, así como os buques de transporte equipados para o transporte dos produtos da pesca, con excepción dos buques porta-contedores, de acordo co establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR).

2. Quedan incluídos dentro do ámbito de aplicación desta orde os produtos da pesca que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Os incluídos no capítulo 03 e partidas 1604 e 1605, da NC, con exclusión dos establecidos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, na redacción dada a este polo artigo 1 do Regulamento (UE) n.º 86/2010 da Comisión, do 29 de xaneiro de 2010, ou polas súas posteriores modificacións.
- b) Os capturados a partir do 1 de xaneiro de 2010.

## CAPÍTULO II

### Condicións de acceso a porto aplicables aos buques pesqueiros de países terceiros

#### Artigo 3. *Portos e lugares de descarga autorizados.*

De conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 3/2001, do 26 de marzo:

- a) Os buques pesqueiros de países terceiros unicamente poderán acceder a servizos portuarios e efectuar operacións de desembarque ou transbordo nos portos designados polo Goberno.

b) Os produtos da pesca regulados nesta orde só se poderán descargar ou ser introducidos en territorio español a través dos puntos e lugares autorizados polo Goberno.

Artigo 4. *Documentación necesaria para o acceso a porto.*

O capitán ou representante do buque pesqueiro de país terceiro que desexe acceder a un porto español deberá efectuar a notificación previa de acceso a porto, tendo en conta os seguintes aspectos:

a) Formulario de notificación previa. O capitán ou representante do buque pesqueiro deberá cubrir o formulario de notificación previa establecido no punto 1 do artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro, que se enviará á Secretaría Xeral do Mar, con copia del á dependencia do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño da provincia onde se atope situado o porto a que se desexa acceder, co obxecto de axilizar as actuacións inspectoras, de ser o caso. Na sección 24 do dito formulario deberase, ademais, indicar os datos de contacto (endereço, n.º fax, endereço de correo electrónico) para efectos de notificacións.

b) Transbordo. No caso de que o buque pesqueiro de país terceiro vaia realizar unha operación de transbordo no porto español deberá, ademais, indicar na sección 9 do formulario mencionado o nome, pavillón, matrícula e IMO (se procede) do buque cedente e do receptor.

c) Prazo. O dito formulario presentarse cunha antelación mínima de tres días hábiles á hora estimada de chegada a porto. Non obstante o anterior, para o desembarque de produtos pesqueiros frescos os capitáns dos buques pesqueiros, ou os seus representantes, deberán notificar, cunha antelación mínima de 4 horas, a hora estimada de chegada a porto, conforme o establecido no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro.

d) Idioma. O capitán ou representante dos buques pesqueiros de países terceiros presentará o formulario de notificación previa en español.

e) Formulario simplificado. O capitán, ou o seu representante, poderá utilizar o formulario simplificado de notificación previa establecido no número 2 do artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro de 2009, cando dispoña do certificado de captura validado, a que se refire o número seguinte, para a totalidade das capturas.

Para os buques de transporte e auxiliares, indicárase, no primeiro recadro da sección 4 do formulario, o nome, pavillón, matrícula, indicativo de chamada e IMO (se procede), destes. Os sucesivos recadros da sección 4 cubriranse cos nomes e datos identificativos dos buques de captura e os números dos certificados de capturas.

f) Documentación anexa ao formulario de notificación previa.

1.º Cando transporte produtos da pesca, o capitán, ou o seu representante, deberá xuntar ao formulario de notificación previa un certificado de captura validado cando dispoña del e, de ser o caso, os documentos a que fai referencia o artigo 8.2 desta orde e/ou os impresos de control do Estado reitor de porto que forman parte da documentación das capturas ou dos réximes de control en porto adoptados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira.

No caso de que o capitán, ou o seu representante, non dispoña do certificado de captura, este deberá ser presentado polo importador de acordo co establecido no artigo 9 antes do acceso a porto do buque.

2.º Cando o buque transporte produtos da pesca capturados por buques pesqueiros comunitarios que fosen transbordados ao buque pesqueiro de país terceiro sen transformar, o capitán, ou o seu representante, xuntará ao formulario de notificación previa o documento T2M, a declaración de transbordo e, cando cumpra, o documento de capturas a que se fai referencia nos números 5 e 6 do artigo 7 desta orde e, de ser o caso, a documentación establecida nos réximes de control adoptados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira.

3.º Cando o buque que efectúa a notificación previa transporte produtos da pesca capturados por buques pesqueiros comunitarios que fosen exportados desde a Unión Europea a un país terceiro, e/ou transformados nun país terceiro, o capitán, ou o seu representante, xuntará ao formulario de notificación previa o certificado de capturas correspondente a ese lote de produtos da pesca, validado pola autoridade competente do Estado membro con motivo da súa exportación e, segundo proceda, os documentos a que fai referencia o artigo 8.2 e/ou, de ser o caso, a documentación establecida nos réximes de control adoptados polas organizacións rexionais de pesca.

*Artigo 5. Autorización para o acceso a porto, desembarque ou transbordo.*

1. O acceso a porto requirirá autorización das autoridades portuarias competentes logo de informe favorable da Secretaría Xeral do Mar. O dito informe favorable estará supeditado á verificación da documentación indicada no artigo 4 desta orde, á comprobación de que o buque non forma parte de ningunha lista de buques de pesca INDNR e, en xeral, ás comprobacións que se consideren necesarias para garantir a correcta aplicación das disposicións do Regulamento (CE) 1005/2008. Este informe deberase emitir no prazo máximo de tres días. Transcorrido o dito prazo sen resolución expresa, o informe entenderase en sentido favorable.

2. As operacións de desembarque ou transbordo non se poderán iniciar ata a obtención da autorización previa da Secretaría Xeral do Mar, que fixará o día autorizado para o desembarque ou transbordo. A autorización estará supeditada á verificación da documentación requirida no artigo 4 e á realización das comprobacións que se consideren necesarias para garantir a correcta aplicación das disposicións do Regulamento (CE) 1005/2008.

3. En caso de autorizar a operación de desembarque ou transbordo, asignaráselle un código numérico que deberá ser consignado polo capitán ou polo seu representante, na declaración previa de desembarque ou transbordo, e servirá de referencia para identificar a operación.

4. Cando a información a que se refire este artigo estea incompleta ou aínda non fose comprobada, poderase conceder un informe favorable de acceso a porto ou unha autorización de desembarque total ou parcial das capturas, e os produtos da pesca deberán permanecer desembarcados almacenados baixo o control das autoridades competentes, en depósito, pendente de informe favorable para a autorización de importación a que estea completa e comprobada a información. Neste suposto, no anexo I deberase cubrir o recadro 7.6.

*Artigo 6. Declaracións previas de desembarque ou transbordo.*

Unha vez obtida a autorización de acceso a porto e a autorización para o desembarque ou transbordo a que se refire o artigo anterior, deberá/n:

1. En caso de desembarque, cubrir, o capitán ou o seu representante, o formulario de declaración previa de desembarque conforme o establecido no artigo 3, número 1, do Regulamento (CE) n.º 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro de 2009. O dito formulario deberase enviar á Secretaría Xeral do Mar, con copia del á Dependencia do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño da provincia onde se atope situado o porto onde se pretendan realizar as operacións, co obxecto de axilizar as actuacións inspectoras, de ser o caso. No dito formulario deberase reflectir o código asignado a que se fai referencia no número 3 do artigo 5 desta orde.

2. En caso de transbordo, cubrir, os capitáns dos buques cedentes e receptor ou os seus representantes, o formulario de declaración previa de transbordo conforme o establecido no punto 2 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro, e presentalo na Secretaría Xeral do Mar, con copia del á Dependencia do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño da provincia onde se atope situado o porto onde se pretendan realizar as operacións, co obxecto de axilizar as actuacións inspectoras, de ser o caso.

No dito formulario deberase reflectir o código asignado a que se fai referencia no número 3 do artigo 5 desta orde.

3. A declaración previa de desembarque e a declaración previa de transbordo deberase presentar en español como mínimo cunha antelación de 4 horas á hora estimada de inicio das operacións de desembarque ou transbordo.

### CAPÍTULO III

#### Control da entrada e saída de produtos pesqueiros da pesca

##### Artigo 7. *Certificado de captura.*

1. O certificado de captura ten por obxecto garantir a rastrexabilidade dos produtos da pesca acreditando que as capturas se efectuaron conforme as leis, regulamentos e medidas internacionais de ordenación e conservación aplicables.

2. O certificado de captura será validado polo Estado de abandeiramento do buque ou buques pesqueiros que efectuasen as capturas a partir dos cales se obtiveron os produtos da pesca.

3. O certificado de captura será exigible nos seguintes supostos:

- a) Importación en territorio español de produtos da pesca por calquera vía de entrada.
- b) Reexportación a un país terceiro de produtos da pesca previamente importados ao abeiro dun certificado de capturas.
- c) Exportación dos produtos da pesca nos casos establecidos no artigo 14.

4. Os produtos da pesca capturados polos buques a que fai referencia o artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro de 2009, poderán ir acompañados dun certificado de captura simplificado así como a información relativa ao transporte, segundo se especifica no anexo IV e no apéndice I do dito regulamento.

5. Os produtos da pesca procedentes de capturas de «*Dissostichus spp*» e de atún vermello («*Thunnus Thynnus*»), rexeranse polo sistema de certificación de capturas a que fai referencia o número 1 do artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro de 2009, sen condicións suplementarias.

6. Os produtos da pesca procedentes de capturas de atún vermello do sur («*Thunnus macoyii*») rexeranse polo sistema de documentación de capturas suxeito ás condicións complementarias, segundo se establece no número 2 do artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro de 2009, sen condicións suplementarias.

7. O certificado deberá ser presentado preferentemente en español; en caso contrario, deberá ir acompañado dunha tradución, de cuxa exactitude será responsable o suxeito obrigado á súa presentación en cada momento.

##### Artigo 8. *Importación de produtos da pesca.*

1. A importación en territorio español de produtos da pesca requirirá que estes produtos vaian acompañados do certificado de captura regulado no artigo 7 e da información relativa ao transporte, conforme o previsto no anexo II e apéndice do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, de acordo co disposto no artigo 12.4 do dito regulamento.

2. En caso de importación indirecta, ademais do certificado de captura, o importador presentará os documentos preceptuados no artigo 14.1 b) do Regulamento 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008.

3. Para os efectos do disposto no artigo 14.1.b) do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, constituirán probas documentais de que os produtos da pesca non foron sometidos a máis operacións que a descarga, carga ou outra operación destinada a mantelos en bo estado, e permaneceron baixo a vixilancia das autoridades do país terceiro onde se levaron a cabo as operacións:



a) O documento único de transporte expedido para amparar o transporte, a partir do territorio do Estado de abandeiramento ata territorio español, a través do país terceiro de que se trate, ou

b) Un documento emitido polas autoridades competentes do país terceiro para efectuar o control das operacións de que se trate, no cal figuren:

1.º A descrición exacta dos produtos da pesca indicando: especie, zona de captura por especie, peso neto expresado en kg e peso bruto expresado en kg por especie, estado de conservación (fresco, conxelado, refrixerado, etc.) presentación (eviscerado, descabezado, fileteado, etc.), tipo de envase (caixas, bolsas, contedores, bloques) e número de envases.

2.º As datas de descarga e carga dos produtos.

3.º O nome do porto ou lugar de descarga e carga dos produtos.

4.º O nome, pavillón, matrícula, IMO (se procede) do buque/s no cal se cargan os produtos pesqueiros ou, de ser o caso, descrición doutros medios de transporte utilizados.

5.º Especificación das condicións en que permaneceron no dito país os produtos da pesca de que se trate.

#### Artigo 9. *Solicitud de informe favorable previo á importación de produtos da pesca.*

1. O importador deberá solicitar o informe favorable previo á importación de produtos da pesca á Secretaría Xeral do Mar mediante a solicitude que figura no anexo I desta orde, á cal deberá xuntar o certificado de captura validado, a información relativa ao transporte e a documentación, de ser o caso, a que fai referencia o artigo 8.2, no prazo establecido no artigo seguinte.

No caso de que a entrada dos produtos pesqueiros se produza mediante un buque pesqueiro de país terceiro, o importador deberá solicitar o informe favorable coa documentación correspondente antes do acceso a porto do buque. Non terá que achegar á solicitude de informe o certificado de captura validado de o ter presentado o capitán ou o representante do buque de acordo co establecido no artigo 4.1 f).

2. Quedan excluídos da obriga de solicitar á Secretaría Xeral do Mar o informe favorable previo á importación os importadores de lotes de produtos da pesca capturados por buques comunitarios e transportados por calquera medio de transporte desde un país terceiro ata territorio español e que non fosen procesados nin importados nun país terceiro.

Esta exclusión non exime do cumprimento, cando proceda, das obrigas establecidas nos sistemas de documentación de capturas adoptados polas organizacións rexionais de pesca, mencionados nos números 5 e 6 do artigo 7 desta orde.

3. A Secretaría Xeral do Mar poderá levar a cabo todas as verificacións que xulgue necesarias para garantir a correcta aplicación do Regulamento (CE) 1005/2008.

4. No suposto previsto no número 4 do artigo 5 desta orde, cando os produtos están en depósito pendente de completar ou comprobar información, ou suxeitos ás verificacións previstas no artigo 17 do Regulamento 1005/2008, se este proceso non conclúe no prazo de catorce días a partir do desembarque por causa imputable ao particular, emitirase informe desfavorable para que se denegue de forma definitiva a importación.

Como consecuencia da denegación da importación, concederáselle un prazo de 15 días como máximo ao importador para que retire os produtos, e se transcorrido o dito prazo non se fixo cargo deles, poderanse incautar e dispor deles de conformidade coa normativa correspondente. Os custos de almacenamento serán sufragados polos operadores de conformidade co disposto no artigo 7.3 e 17. 7 do Regulamento 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008.

5. Nos supostos en que non exista comprador dos produtos da pesca, será considerado importador, para os efectos do disposto nesta orde respecto do certificado de capturas, o titular da mercadoría no momento en que se produce a súa entrada en territorio español ou o seu representante ou, de ser o caso, o consignatario.

Artigo 10. *Prazos de presentación da solicitude de autorización e dos certificados de capturas para a importación.*

1. O prazo de presentación será, como mínimo, de tres días hábiles respecto da hora estimada de chegada ao lugar de entrada en territorio español.

2. Non obstante o disposto no número 1, os prazos de presentación serán, como mínimo, os seguintes, dependendo do medio de transporte empregado:

Catro horas antes da entrada en territorio español, para lotes que entren por vía aérea e ferrocarril.

Dúas horas antes da entrada en territorio español, cando os lotes entren por estrada.

Artigo 11. *Autorización á importación de produtos da pesca.*

Unha vez recibida a solicitude conforme o establecido no artigo 9 e efectuadas as verificacións oportunas, a Secretaría Xeral do Mar emitirá informe vinculante previo á autorización da importación para efectos desta norma, e enviarállelo ás autoridades alfandegueiras con copia ao importador, xunto cunha copia do certificado de captura. Se o informe é desfavorable, a operación de importación non poderá ser efectuada.

Artigo 12. *Tránsito e transbordo.*

1. Cando no porto ou lugar de descarga designado os produtos da pesca estean sometidos a un réxime de tránsito, para o seu transporte ulterior a outro lugar en territorio español en que se deban someter a procedemento alfandegueiro, aplicaranse no punto de entrada en territorio español as seguintes disposicións:

a) En caso de desembarques de produtos da pesca efectuados por buques pesqueiros de países terceiros, serán de aplicación os artigos 3 ao 11 desta orde.

b) En caso de chegadas de lotes de produtos da pesca por calquera outro medio de transporte, serán de aplicación os artigos 7 a 11 desta orde.

2. Cando no porto ou lugar de descarga designado os produtos da pesca estean sometidos a un réxime de tránsito e sexan transportados a outro Estado membro en que se deban someter a procedemento alfandegueiro, aplicaranse no punto de entrada en territorio español as seguintes disposicións:

a) En caso de desembarques de buques pesqueiros de países terceiros que teñan como destino un tránsito serán de aplicación os artigos 3 ao 11 desta orde.

O importador deberá solicitar a autorización ao tránsito de produtos da pesca á Secretaría Xeral do Mar mediante a solicitude que figura no anexo I desta orde, á cal deberá xuntar unha copia do certificado de captura validado, da información relativa ao transporte e da documentación, de ser o caso, a que fai referencia o artigo 8.2.

O orixinal do certificado de capturas e, cando proceda, da documentación conexas que fai referencia o artigo 8 será presentado polo importador ás autoridades competentes do Estado membro de destino.

b) En caso de chegadas de lotes de produtos da pesca por calquera outro medio de transporte, serán de aplicación o artigo 7 a 11 desta orde.

O importador, neste caso, deberá solicitar a autorización ao tránsito de produtos da pesca á Secretaría Xeral do Mar, mediante a solicitude que figura no anexo I desta orde, á cal deberá achegar unha copia do certificado de captura validado, da información relativa ao transporte e da documentación, de ser o caso, a que fai referencia o artigo 8.2.

O orixinal do certificado de capturas e, cando proceda, da documentación conexas que fai referencia o artigo 8, será presentado polo importador ás autoridades competentes do Estado membro de destino.

3. Cando no porto ou lugar de descarga designado os produtos da pesca sexan transbordados e transportados por vía marítima a outro Estado membro, aplicaranse as seguintes disposicións:

a) En caso de transbordo de produtos da pesca, a que fai referencia o artigo 4.1, serán de aplicación os artigos 3 a 11.

O importador deberá solicitar a autorización de transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro de produtos da pesca á Secretaría Xeral do Mar mediante a solicitude que figura no anexo I desta orde, á cal deberá xuntar unha copia do certificado de captura validado, da información relativa ao transporte e da documentación, de ser o caso, a que fai referencia o artigo 8.2.

O orixinal do certificado de capturas e, cando cumpra, a documentación conexas a que fai referencia o artigo 8, será presentado polo importador ás autoridades competentes do Estado membro de destino.

b) Para o resto de transbordos de produtos da pesca e transporte por vía marítima a outro Estado membro serán de aplicación os artigos 7 a 11 desta orde.

O importador deberá solicitar a autorización de transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro de produtos da pesca á Secretaría Xeral do Mar mediante a solicitude que figura no anexo I desta orde, coa información da sección 7.5, debidamente cuberta, á cal deberá xuntar unha copia do certificado de captura validado, da información relativa ao transporte e da documentación, de ser o caso, a que fai referencia o artigo 8.2.

O orixinal do certificado de capturas e, cando cumpra, a documentación conexas a que fai referencia o artigo 8, será presentado polo importador ás autoridades competentes do Estado membro de destino.

#### Artigo 13. *Reexportación.*

1. Os produtos da pesca importados ao abeiro dun certificado de capturas, e que vaian ser reexportados a un país terceiro, deberán ir acompañados do certificado de captura coa sección de reexportación cuberta de acordo co establecido no artigo 21 do Regulamento (CE) 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008.

2. A solicitude do certificado de reexportación deberá ser presentado polo exportador á Secretaría Xeral do Mar, mediante a solicitude que figura no anexo II.

3. Será imprescindible para a validación da sección de reexportación que o certificado de capturas orixinal estea en poder da Secretaría Xeral do Mar.

4. A Secretaría Xeral do Mar validará as seccións do orixinal certificado de captura e, de ser o caso, unha copia deste, cando os produtos da pesca que se vaian reexportar constitúan unha parte dos produtos importados, e remitirao ao exportador. A validación será necesaria para a reexportación de acordo co disposto no artigo 21 do Regulamento (CE) 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008.

5. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, para o atún vermello, «*Dissostichus spp*» e atún vermello do sur será de aplicación o establecido no artigo 7 e no anexo V do Regulamento (CE) 1010/2009 da Comisión, do 22 de outubro de 2009.

#### Artigo 14. *Exportación.*

1. No caso de que así se exixa de conformidade con acordos previamente adoptados con países terceiros, a exportación das capturas realizadas por buques pesqueiros españois cara a estes países estará supeditada á validación pola Secretaría Xeral do Mar do certificado de captura conforme o disposto no artigo 15 do Regulamento (CE) 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008.

Para volver importar estes produtos, procesados ou non, requirirase o certificado de captura validado.

2. O certificado de captura deberá ser presentado polo exportador á Secretaría Xeral do Mar. Nel facilitará os datos relativos ás seccións 2 a 8 e 10 que lle sexan de aplicación do modelo de certificado recollido no anexo II do Regulamento (CE) 1005/2008 do Consello,



do 29 de setembro de 2008. O dito modelo estará dispoñible na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

3. A Secretaría Xeral do Mar validará o certificado de captura e remitirallo ao exportador. A validación será necesaria para a exportación de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento (CE) 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008.

Disposición adicional primeira. *Presentación de solicitudes e documentación.*

As solicitudes e documentación reguladas nesta orde poderán ser presentadas por medios telemáticos ou electrónicos habilitados para o efecto pola Secretaría Xeral do Mar.

Disposición adicional segunda. *Habilitación.*

Habilítase o secretario xeral do Mar para modificar os anexos a esta orde.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde ARM/3522/2009, do 23 de decembro, pola que se regula o procedemento de control de acceso a portos españois de buques pesqueiros de países terceiros, e a importación e exportación de produtos da pesca para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.19ª. da Constitución española, polo que se lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde retrotrae os seus efectos ao 1 de xaneiro de 2010.

Madrid, 27 de xullo de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.  
Elena Espinosa Mangana.



6.2 Documentos importación indirecta que se xuntan								
6.2.1 Clase	6.2.2 Nº do certificado de captura l que se asocia, data e país expedidor	6.2.3 Nome autoridade expedidora/ país /data	6.2.4 Data/ Porto e lugar de carga/ Porto e lugar de descarga	6.2.5 Especie (código FAO)/ Nome do produto	6.2.6 Cantidade: peso neto (kg) e nº de pezas ou nº envases	6.2.7 Presentación / conservación (código FAO)	6.2.8 Destino	6.2.9 Nome fábrica expedidora / Enderezo / Nº aprobación
Documento único de transporte art. 14.1.b) i) R(CE) 1005/2008: Número:								
Documento art. 14.1b) ii) Regulamento (CE) 1005/2008: Número:								
Declaración de transformación art. 14.2 R(CE)1005/2008 Número:								
6.3 Outros documentos que se xuntan								
	PSC1	PSC2	Documento estadístico peixe espada:	Documento estadístico patudo	Certificado de reexportación	Declaración C/CAA de transferencia / transbordo	Outros (indicar)	
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Número:								
País:								
7. DETALLE DO DESTINO DOS PRODUTOS DA PESCA								
7.1. Tránsito en territorio español					7.2 Tránsito cara a outro Estado membro da UE			
Nome do destinatario	Enderezo/ Cidade	Alfándega de destino/ Data prevista de chegada	Identificación medio de transporte	Nome destinatario	Enderezo / Cidade/País	Data prevista de saída	Identificación medio de transporte/ Nº coñecemento embarque	Alfándega de destino/ País Data prevista de chegada
7.3 Importación en España			7.4 País terceiro (só en caso de desembarque / transbordo buque pesqueiro de país terceiro)					
Nome do destinatario	Enderezo/ Cidade	Nome destinatario	Enderezo/ Cidade/País	Data prevista de saída	Identificación medio de transporte	País destino/ Data prevista de chegada	Solicitud reexportación adxunta	Lugar onde se sitúan os produtos da pesca ata a súa saída
							Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
7.5 Transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro								
Nome do porto de transbordo	Data do transbordo	Datos do buque cedente		Datos do buque receptor		Nome Estado membro de destino	Porto de chegada	Data previsible de chegada
		Nome/ Matricula	Bandeira/ IMO	Nome/ Matricula	Bandeira/IMO			
7.6 Entrada en depósito			Nº de rexistro e identificación:					

(\*) Os campos en sombreado serán cubertos pola Administración

Instrucións para cubrir o anexo I. Solicitud informe previo á importación, e autorización de tránsito, transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro, entrada en depósito de produtos da pesca.

Débase indicar o tipo de autorización que se está solicitando (importación, tránsito, transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro ou entrada en depósito).

As solicitudes deben ser cubertas da seguinte maneira:

1. Unha solicitude por certificado de capturas, ou
2. Unha solicitude por cada lote de produtos da pesca enviados simultaneamente no mesmo medio de transporte por un mesmo exportador a un mesmo importador, ao abeiro dun documento único de transporte que cubra a súa expedición do exportador ao destinatario.

Os recadros sombreados (data de solicitude, n.º de solicitude e n.º de rexistro) serán cubertos pola Secretaría Xeral do Mar.

Para cada sección seguiranse as seguintes instrucións:

Sección 0. Datos do solicitante. Nela cubriranse os datos da persoa que efectúa a solicitude; nela deberán figurar os datos de contacto para efectos de notificacións, así como a data, sinatura e selo (cando proceda) do solicitante.

Sección 1. Exportador. Anotaranse os datos da empresa comercial do país terceiro que envía o lote.

Sección 2. Importador. Anotaranse os datos do importador.

Sección 3. Medio de transporte en fronteira. Indicaranse os datos do medio de transporte de chegada a territorio español.

Recadro 3.1 Número do voo e do coñecemento de embarque aéreo en caso de transporte por avión.

Recadro 3.2 Nome do buque, bandeira, clase (de captura, de transporte, factoría, etc.), matrícula, distintivo de chamada, IMO (se procede) e número de coñecemento de embarque, en caso de transporte por vía marítima.

Recadro 3.3 Número do tren e do vagón e número de coñecemento de embarque en caso de transporte por ferrocarril.

Recadro 3.4 Tipo de vehículo (camión, remolque), n.º de matrícula e nacionalidade en caso de transporte por estrada.

Recadro 3.5 Número de contedores que forman o lote, as súas marcas distintivas, asociar cada contedor ao n.º de documento de capturas.

Recadro 3.6 Identificar outros medios de transporte se os houber.

Sección 4. Punto de entrada. Indicaranse os datos do punto de entrada en territorio español.

Recadro 4.1 Indicar o porto, aeroporto ou PIF /RAH.

Recadro 4.2 Indicar a data de entrada.

Recadro 4.3 Indicar a alfándega onde se despachará a mercadoría.

Recadro 4.4 Indicar o lugar onde se sitúa a mercadoría (peirao, instalación portuaria, PIF, almacén).

Sección 5. Detalle de expedición do lote.

Recadro 5.1 Anotaranse os datos do/o buque/s pesqueiro/s que efectuaron a/s captura/s. Débense corresponder co/s que figura/n no/s certificado/s de captura/s.

Recadros 5.1.1 a 5.1.7 Nome/s, pavillón/s, matrícula, distintivo de chamada, IMO (se procede), n.º de licenza e data de caducidade, teléfono, fax e correo electrónico (se se coñece). Deben coincidir cos datos que figuran na sección 2 do certificado de capturas.

Columna 5.1.8 Indicar o/s número/s do/s certificado/s de captura. Debe coincidir coa sección «número de certificado» do certificado de capturas.

Columna 5.1.9 Indicar a especie (código alpha-3 de FAO). O nome da especie debe coincidir coa que figura na sección 3 do certificado de capturas.

Columna 5.1.10 Indicar o nome dos produtos (exemplo: peixe espada), número de vultos (número de vultos que compoñen a partida, exemplo 50 caixas de 25 kg).

Columna 5.1.11 Indicar en código de produto (6 díxitos) da nomenclatura combinada, establecida polo R (CE) 2658/87 do Consello, na súa versión modificada.

Columna 5.1.12 e 5.1.13 Indicar a zona FAO onde se efectuaron as capturas e a súa data. Debe coincidir coas indicadas na sección 3 do certificado de capturas.

Columna 5.1.14 Peso neto: indicar o peso mesmo do produto excluídas as embalaxes. Debe estar expresado en kg. Indicarase o número de pezas cando cumpra (ex. atún vermello).

Columna 5.1.15 Presentación: indicar o tipo de presentación (lombos, filetes, enteiro, eviscerado, descabezado) expresado en código FAO. Conservación: indicar: refrixerado, conxelado, temperatura ambiente.

Columna 5.1.16 Indicar se se trata dunha «importación directa» e ademais o destino dos produtos:

Mercado interior (consumo humano, alimentación animal, industria conserveira).

Tránsito cara a outro Estado membro da UE. Neste caso, cómpre cubrir tamén o recadro 7.2.

Transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro. Neste caso débese cubrir, ademais, o recadro 7.5.

Entrada en depósito alfandegueiro. Neste caso débese cubrir, ademais, o recadro 7.6. Reexportación.

Recadro 5.2.1 País exportador: é o país de orixe, no cal se produciu, manufacturou ou envasou o produto final. Pode coincidir co recadro 5.2.2. Debe coincidir coa información contida na sección 1 do apéndice (Información relativa ao transporte) do certificado de capturas.

Recadro 5.2.2 País de procedencia: país en que se cargou o produto no medio de transporte final para o seu envío á UE.

Recadro 5.2.3 e 5.2.4 Porto, aeroporto ou outro lugar de saída e data de saída.

Sección 6. Detalle dos documentos que se achegan.

Recadros 6.1 Datos relativos ao certificado de captura.

Recadro 6.1.1 Indicar a clase de certificado de capturas que se achega. Xeral o do anexo II do R(CE) 1005/2008, simplificado o do anexo IV do R(CE) 1010/2009, atún vermello, «Dissostichus» e atún vermello do sur os do anexo V do R(CE)1010/2009.

Recadro 6.1.2 Indicar o número de cada certificado de captura.

Recadro 6.1.3 Indicar a autoridade validadora e o país expedidor do certificado de capturas.

Recadro 6.1.4 Indicar, se cómpre, a data, zona, posición do transbordo, o peso estimado que se transbordou e o nome do buque receptor, bandeira, indicativo de chamada e IMO (se procede). Cubrirase, cando proceda, e correspóndese coa sección 6 do certificado de capturas do anexo II do R (CE) 1005/2008.

Recadro 6.1.5 Indicar, se procede, os datos de autorización de transbordo en zona portuaria. Correspóndense cos datos da sección 7 do certificado de capturas do anexo II do R (CE) 1005/2008.

Recadros 6.2 Documentos para a «importación indirecta» que se xuntan.

Recadros 6.2.1 Na columna correspondente indicárase o tipo de documentación que se achega para a importación indirecta e o número identificativo desta:

Documento único de transporte (artigo 14.1.b) i) do R (CE) 1005/2009, ou

Documento a que se refire o artigo 14.1.b) ii) do R (CE) 1005/2009, ou



Declaración de transformación artigo 14.2 R (CE) 1005/2008, só para os produtos da pesca que constitúan un único lote.

Recadros 6.2.2 Indicar o n.º do certificado de captura, data e país expedidor a que se asocian os documentos dos recadros 6.2.1.

Recadros 6.2.3 Indicar o nome, autoridade expedidora, país e data dos documentos dos recadros 6.2.1.

Recadros 6.2.4 Indicarase a data e o porto e lugar de descarga e carga.

Recadros 6.2.5 Indicar as especies (código FAO) de importación indirecta e o nome do produto (exemplo: peixe espada), número de vultos (número de vultos que compoñen a partida, exemplo 50 caixas de 25 kg).

Recadros 6.2.6 Peso neto: indicar o peso mesmo do produto excluídas as embalaxes. Debe estar expresado en kg. Indicarase o número de pezas ou número de envases, cando proceda.

Recadros 6.2.7 Presentación: indicar o tipo de presentación (lombos, filetes, enteiro, eviscerado, descabezado) expresado en código FAO. Conservación: indicar: refrixerado, conxelado, temperatura ambiente.

Recadros 6.2.8 Indicarase o destino dos produtos:

Mercado interior (consumo humano, alimentación animal, industria conserveira).

Tránsito cara a outro Estado membro da UE. Neste caso débese cubrir tamén o recadro 7.2.

Transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro. Neste caso débese cubrir, ademais, o recadro 7.5.

Entrada en depósito. Neste caso débese cubrir, ademais, o recadro 7.6.

Reexportación.

Recadros 6.2.9 Nome da fábrica transformadora expedidora, enderezo e número de aprobación.

Recadros 6.3 Relativa a determinados documentos específicos que deben acompañar a partida, segundo determinados sistemas establecidos polas organizacións rexionais de pesca:

Impresos PSC 1 e PSC2 de notificación de entrada en porto establecido nos esquemas de NAFO R(CE) 679/2009, polo que se establecen medidas de conservación e control aplicables na zona de regulación da Organización de Pesquerías do Atlántico Noroeste. e NEAFC, Regulamento (CE) 43/2009.

Documento estatístico de peixe espada e patudo, ou certificado de reexportación segundo o establecido no R (CE) 1984/2003.

Declaración de transferencia ou transbordo da CICA.

No caso de que se acheguen outros documentos, deberase indicar.

Sección 7. Detalle do destino dos produtos da pesca.

Recadro 7.1 Tránsito en territorio español: indicarase o nome do destinatario, o enderezo e a cidade, a alfándega de destino, a data prevista de chegada a esta e a identificación do medio de transporte (camión, tren, matrícula).

Recadro 7.2 Tránsito cara a outro Estado membro da UE: indicarase o nome do destinatario, o enderezo e a cidade, país, a data prevista de saída, a alfándega de destino, a data prevista de chegada e a identificación do medio de transporte:

Número do voo e do coñecemento de embarque aéreo en caso de transporte por avión.

Nome do buque, bandeira, clase (de captura, de transporte, factoría, etc.), matrícula, distintivo de chamada, IMO (se procede) e número de coñecemento de embarque, en caso de transporte por vía marítima.

Número do tren e do vagón e número de coñecemento de embarque en caso de transporte por ferrocarril.

Tipo de vehículo (camión, remolque), n.º de matrícula e nacionalidade en caso de transporte por estrada.

Recadro 7.3 Importación en España: deben figurar o nome do destinatario dos produtos da pesca e o enderezo e cidade.

Recadro 7.4 País terceiro. Só se aplicará en caso de desembarque/transbordo de buques pesqueiros de países terceiros. Indicarase o nome do destinatario no país terceiro, o enderezo, cidade e país, a data prevista de saída dos produtos da pesca, os datos identificativos do medio de transporte, o país de destino, a data prevista de chegada.

Igualmente reflectirase se se xunta solicitude de reexportación e farase constar o lugar onde se depositan ou sitúan os produtos da pesca ata a súa saída de territorio español.

Recadro 7.5 Faranse constar os datos relativos ao transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro. Indicarase o nome do porto onde se efectúa o transbordo, a data deste, os datos do buque cedente, os datos do buque receptor, o nome do Estado membro de destino, o porto de chegada ao dito Estado membro, así como a data previsible de chegada a este.

Recadro 7.6 Indicarase os datos relativos ao depósito, como o n.º de rexistro e, se procede, nome e localización.

	MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO  SECRETARÍA GENERAL DEL MAR	<b>ANEXO II. SOLICITUDE DO CERTIFICADO DE REEXPORTACIÓN DE PRODUTOS DA PESCA</b>
Data de solicitude:		Nº de solicitude:
		Nº de rexistro:

**0. DATOS DO SOLICITANTE**

D. ...., con NIF nº ....., en cumprimento do establecido na Orde xxxx/2009, solicita certificado para a reexportación dos produtos da pesca que a continuación se detallan, cuxos datos declara que son certos e están completos.

Sinatura, selo e data :	Datos de contacto:	Nº de teléfono:	Nº de fax:	Correo electrónico:
-------------------------	--------------------	-----------------	------------	---------------------

**1. REEXPORTADOR**

1.1 Nome:	1.2 Enderezo:	1.3 Cidade/ Código postal:	1.4 País:
-----------	---------------	----------------------------	-----------

**2. DESCRICIÓN DO PRODUTO IMPORTADO**

2.1 Nº de certificado de capturas:	2.2 País validador:	2.3 Nº de autorización da importación:	2.4 Data de autorización:
------------------------------------	---------------------	--	---------------------------

**3. DESCRICIÓN DO PRODUTO QUE SE VAI RE-EXPORTAR**

3.1 Especie (código FAO)	3.2 Partida arancelaria (código NC)	3.3 Peso (kg)	3.4 Presentación/ conservación	3.5 Saldo da cantidade total declarada no certificado de captura

**4. INFORMACIÓN DE SAÍDA**

4.1 Porto: Aeroporto: PIF/RAH de:	4.2 Data de saída:	4.3 Alfándega de despacho:	4.4 Lugar onde se sitúa a mercadoría:
4.5 Descrición do medio de transporte / clase / identificación / matrícula:			
4.6 País de destino:	4.7 Cidade de destino:	4.8 Nome e enderezo do destinatario:	4.9 Data prevista chegada país destino:

**5. INFORME DE AUTORIZACIÓN**

<p><b>REEXPORTACIÓN CONFORME:</b></p> <p><input type="checkbox"/> SI</p> <p><input type="checkbox"/> NON</p> <p><b>PENDENTE:</b> <input type="checkbox"/></p> <p>Pendente de ditame definitivo por:</p> <p><input type="checkbox"/> Resultado de inspección</p> <p><input type="checkbox"/> Emenda de defectos na documentación presentada</p> <p><input type="checkbox"/> Documentación incompleta</p> <p><input type="checkbox"/> Outros</p> <p><b>DENEGADO POR:</b></p>	<p><b>AUTORIDADE:</b></p> <p>Nome e apelidos:</p> <p>Cargo:</p> <p>Data:</p> <p>Sinatura:</p> <p>Selo:</p>
--	--

(\*) Os campos en sombreado serán cubertos pola Administración

Instrucións para cubrir o anexo II. Solicitud de certificado para a reexportación de produtos da pesca.

Cubrirao o reexportador.

Os recadros sombreados serán cubertos pola Secretaría Xeral do Mar.

Para cada sección seguiranse as seguintes instrucións:

Sección 0. Datos do solicitante. Nela cubriranse os datos da persoa que efectúa a solicitude; nela deberán figurar os datos de contacto para os efectos de notificacións, así como a data, sinatura e selo (cando proceda) do solicitante.

Sección 1. Reexportador. Anotaranse os datos da empresa comercial ou do reexportador que efectúa a reexportación.

Sección 2. Descrición do produto importado. Recadros 2.1 a 2.4. Indicarase o número do certificado de capturas que aparaba o lote para a súa importación, o país que o validou, o n.º de autorización de importación que lle foi concedido pola Secretaría Xeral do Mar e a data de autorización.

Sección 3. Descrición do produto que se vai reexportar.

Recadro 3.1 Indicarase a especie (código FAO).

Recadro 3.2 Partida arancelaria (código NC). Indicar en Código de produto (6 díxitos) da nomenclatura combinada, establecida polo R (CE) 2658/87 do Consello, na súa versión modificada.

Recadro 3.3 Cantidade que se vai reexportar.

Recadro 3.4 Indicarase a presentación e a conservación (fresco, refrixerado, conxelado).

Recadro 3.5 Indicarase o saldo que queda da cantidade total declarada no certificado de capturas.

Sección 4. Información de saída.

Indicaranse os datos do punto de saída de territorio español.

Recadro 4.1 Indicar o porto, aeroporto ou PIF /RAH.

Recadro 4.2 Indicar a data de saída.

Recadro 4.3 Indicar a alfándega onde se despachará a mercadoría.

Recadro 4.4 Indicar o lugar onde se sitúa a mercadoría (peirao, instalación portuaria, PIF, almacén).

Recadro 4.5 Descrición do medio de transporte, clase identificación, matrícula.

Recadros 4.6 a 4.9 Indicaranse, cando proceda, o país e a cidade de destino, o nome e o enderezo do destinatario e a data prevista de chegada ao país de destino.

### ANEXO III

#### **Instrucións para cubrir o certificado de capturas para a exportación de capturas realizadas por buques pesqueiros españois**

1. Descarga do certificado de captura. O certificado de captura para a exportación de produtos capturados pola frota española, as instrucións para cubri-lo e as listaxes de códigos poderanse descargar da sección Administración electrónica da páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. Formalización do certificado de captura, seccións 2 a 5, 8 e 10. Detállanse a continuación as indicacións para cada sección. Os campos sombreados son campos que deberá cubrir a autoridade validadora.

Sección 2. Corresponde aos detalles do buque pesqueiro.

Sección 3. Descrición do produto: inclúe varios campos:

Especies: consignaranse de acordo co código FAO de especies pesqueiras. En caso de produtos procesados poderanse mencionar varias especies.

Código de produto: utilizaranse os códigos alfanegueiros baseados no sistema harmonizado HS de 6 díxitos.

Zona e data de captura: utilizarase o código FAO ou das organizacións rexionais de pesca.

Peso vivo estimado e peso estimado que se vaia desembarcar: información para proporcionar polo operador.

Peso desembarcado comprobado (kg), se procede: para completar pola subdirección xeral correspondente da SXM sobre a base de tal comprobación.

Sección 4. Referencias ás medidas de conservación e ordenación aplicables: refírese ás medidas adoptadas polo Estado ou polas organizacións rexionais de pesca referidas ás especies afectadas. Inclúese unha breve descrición (p. ex. suxeito a licenza de pesca, cota, restrición de artes de pesca, etc.) e as referencias á lexislación nacional aplicable. Esta información será proporcionada polo operador.

Sección 5. Nome do capitán do buque pesqueiro-sinatura-selo: o certificado debe ser asinado e selado polo capitán do buque pesqueiro, o armador, ou o seu representante, que se determinará.

Sección 6. Declaración de transbordo no mar e sección 7. Declaración de transbordo en zona portuaria: só se cubrirán de ser o caso. A sección 6 será completada conxuntamente polos patróns do buque pesqueiro e do buque receptor. A sección 7 será completada pola autoridade responsable do control da zona portuaria.

Sección 8. Datos do exportador e sección 10. Información relativa ao transporte: o armador, ou o operador responsable da exportación das capturas, completará a sección 8 e, de ser o caso, os detalles de transporte da sección 10 no apéndice I do regulamento.

Ao proporcionar a información mencionada nas seccións 2, 8 e 10, os armadores ou operadores correspondentes responsabilízanse da exactitude e exhaustividade dos datos que fornecen.

Para máis información, consultar o Manual de aplicación práctica do Regulamento INDNR (Handbook) elaborado pola Comisión Europea, dispoñible en [http://ec.europa.eu/fisheries/cfp/external\\_relations/illegal\\_fishing/pdf/handbook\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/fisheries/cfp/external_relations/illegal_fishing/pdf/handbook_en.pdf).

## ANEXO IV

### Lugares de presentación da documentación

1. Documentación necesaria para o acceso a porto, desembarque, transbordo de buques pesqueiros de países terceiros, así como as operacións relativas á importación, á reexportación, ao tránsito, ao transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro.

As solicitudes e documentación establecidas nesta orde, relativas ao acceso a porto, desembarque, transbordo de buques pesqueiros de países terceiros, así como as operacións relativas á importación, á reexportación, ao tránsito, ao transbordo e transporte por vía marítima a outro Estado membro de produtos da pesca, así como o depósito alfanegueiro, serán enviados á Secretaría Xeral do Mar, Subdirección Xeral de Asuntos Pesqueiros Comunitarios, polos seguintes medios:

Mediante correo electrónico ao enderezo [indnr\\_pes@marm.es](mailto:indnr_pes@marm.es).

Mediante fax ao número 91347 5112.

A Secretaría Xeral do Mar poderá habilitar outros medios telemáticos ou electrónicos para a presentación de solicitudes e documentación reguladas nesta orde.

Os certificados de capturas orixinais serán remitidos por correo á Secretaría Xeral do Mar, Subdirección Xeral de Asuntos Pesqueiros Comunitarios. R/ Velázquez 144, Madrid 28006, nun prazo non superior a dez (10) días desde a súa introdución en territorio nacional.

2. Documentación necesaria para a exportación de capturas realizadas por buques pesqueiros españois. Envío do certificado cuberto á Secretaría Xeral do Mar.



O armador, ou o operador responsable da exportación, remitirá o certificado de captura cuberto á Subdirección Xeral da SXM que xestiona a frota correspondente, e poderá utilizar os seguintes enderezos de correo electrónico habilitados para o efecto:

Para capturas realizadas en augas internacionais e de países terceiros: [buzon-acorpexp@marm.es](mailto:buzon-acorpexp@marm.es).

Para capturas realizadas en augas comunitarias: [asucompm@mapya.es](mailto:asucompm@mapya.es).

Para capturas realizadas en augas do caladoiro nacional: [calnacpm@mapa.es](mailto:calnacpm@mapa.es).

Ao mesmo tempo, deberán remitir unha copia da declaración de desembarco do buque.